

a ctividades


a)

** Partindo dun obxecto real ou a súa imaxe fotográfica, trata de definilo primeiro con puntos, despois con liñas e por último intentando analizar a relación de luz e sombras.*

Podes empregar papel de seda ou papel vexetal para poder ver por baixo a forma do obxecto, pero é importante que non debuxes a silueta con liña continua, porque senón, o que define a forma é esta liña e non os puntos.

** Emprega lapis ou rotulador de punta fina, pero ten coidado porque o papel de seda rómpese con moita facilidade. Na valoración de luz e sombra podes empregar lapis composto.*

24




MATERIAIS

- * Unha fotografía dun obxecto calquera
- * Cartulina
- * Papel de seda ou vexetal
- * Lapis e/ou rotulador de punta fina
- * Lapis composto ou barras


*** Aisla da ilustración dunha revista o fondo da forma.**

- 1º Define que é na ilustración elixida fondo e que é forma.
- 2º Recorta cunhas tesoiras a forma sen estragar o fondo.
- 3º Analiza se no oco que queda pódese recoñecer pola súa silueta cal foi a forma recortada. Pregunta ós teus compañeiros.

b)



25



** Podes cos teus compañeiros intentar montar un "Collage" cos elementos separados ou intercambiándo-os sobre fondos diferentes.*

MATERIAIS

- * Ilustracións de revistas
- * Tesoiras ou coitela
- * Pegamento en barra
- * Unha cartulina branca para dividir en dúas